



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

LISTA DEFINITIVA ASPIRANTES PROPOSTOS PARA NOMEAMENTO DO PROCESO SELECTIVO ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE ENCARGADA DE LIMPEZA

De conformidade coa base novena das bases xerais do proceso selectivo de estabilización de emprego para a cobertura dunha praza de encargada de limpeza a xornada completa, pola presente publícase a lista definitiva de aspirantes propostos para o seu nomeamento, que deberán presentar a documentación requirida* na base novena das bases xerais no prazo de vinte días hábiles a contar dende o seguinte a partir da publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Mesía:

| Núm. prazas | Apelidos e nome | DNI |
|-------------|-----------------------------|-----------|
| 1 | Santos Sánchez, María Pilar | ***1768** |

- * - Certificado/Informe médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira expedido por facultativo competente.
- Declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Declaración xurada de non atoparse incurso/a en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.
- Fotocopia do número de afiliación á Seguridade Social acompañada do orixinal, ou de ser o caso, xustificación de non estar afiliado/a.
- Acreditación documental de conta bancaria.
- Calquera outro documento requirido nas bases xerais ou específicas de cada convocatoria para participar no proceso selectivo.

Quen non presentase a documentación sinalada anteriormente dentro do prazo fixado, salvo causa de forza maior, non poderá ser nomeado/a como persoal laboral fixo, nin tampouco, se do exame da documentación, se deducise que carece dalgún requisito.

Mesía, a 19 de novembro de 2024

Asdo. Mariano Iglesias Castro. Alcalde.